

**ASISTENTES:**

**Presidenta:**

Dona Dolores Fernández Galiño

**Vicepresidenta:**

Dona María Xosé Porteiro García

Vogais:

**Pola Xunta de Galicia**

Don José María Barreiro Díaz

**Polo Consello de Contas**

Dona Isabel García Garrido

**Polo Consello Consultivo de Galicia**

Dona Ana María López Guizán

**Pola Federación Galega de Municipios e Provincias**

Don Xosé Manuel Rodríguez Méndez

**Secretario:**

Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 11.00 horas do día 25 de Marzo de 2025, en sesión realizada por videoconferencia, e con asistencia das persoas indicadas á marxe convocadas por vía electrónica pola súa presidenta o día 18 de Marzo de 2025, ten lugar a 94 sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

**1. Saúda**

A presidenta inicia a sesión cunha benvida aos membros. Constátase a existencia de quórum suficiente para a celebración da reunión.

**2. - Aprobación, se procede, da acta da sesión do 25 de Febreiro de 2025.**

Constátase o envío da acta da sesión 93 e estando conformes todos os membros presentes, apróbase por asentimento.

**3. - Resolución, se procede, dos expedientes tramitados**

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Número	Sentido
RSCTG/189/24	Estimación
RSCTG/195/24	Estimación e instar retroacción expediente
RSCTG/203/24	Inadmisión
RSCTG/204/24	Estimación por motivos formais
RSCTG/205/24	Estimación por motivos formais

Número	Sentido
RSCTG/21/25	Arquivo por desistimento
RSCTG/24/25	Dilixencia de arquivo e remisión a Ministerio Interior
RSCTG/26/25	Desestimación
C/32/25	Estimación
C/34/25	Estimación por motivos formais

RSCTG/208/24	Estimación por motivos formais
RSCTG/210/24	Dilixencia de Arquivo
RSCTG/1/25	Arquivo (acumulación a 195/24)
RSCTG/2/25	Arquivo remisión a Ministerio
RSCTG/6/25	Estimación
RSCTG/7/25	Desestimación
RSCTG/11/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/14/25	Dilixencia arquivo e remisión a CTBG
RSCTG/16/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/17/25	Desestimación
RSCTG/18/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/19/25	Dilixencia de arquivo

C/37/25	Inadmisión
C/38/25	Dilixencia arquivo e remisión a CTBG
C/39/25	inadmisión
C/40/25	Arquivo
C/44/25	Inadmisión
C/45/25	Inadmisión
C/46/25	Inadmisión
C/47/25	Inadmisión
C/48/25	Estimación por motivos formais
C/51/25	Inadmisión
C/68/25	Dilixencia de arquivo
C/71/25	Inadmisión

#### **4. Proposta de revisión de oficio da resolución ditada pola Comisión da Transparencia de Galicia no expediente RSCTG 102/2024.**

Tras o debate sobre as propostas de iniciación de procedemento de revisión de oficio para que se declare a nulidade de pleno dereito da Resolución do 24 de setembro de 2024, da Comisión da Transparencia de Galicia no expediente RSCTG 102/2024, procédese á votación sobre as seguintes alternativas e cos seguintes resultados:

- Proposta de desestimación da solicitude de revisión de oficio e remisión do expediente ao Consello Consultivo de Galicia: vota a favor Presidenta, Vicepresidenta, representante da Xunta de Galicia e representante da FEGAMP.
- Proposta de estimación da solicitude de revisión de oficio con retroacción de actuacións e remisión ao Consello Consultivo de Galicia: vota a favor representante do Consello Consultivo de Galicia e representante do Consello de Contas.

Por tanto apróbase a proposta de desestimación da solicitude de revisión de oficio e a súa remisión ao Consello Consultivo de Galicia para a emisión de ditame.

A representante do Consello Consultivo solicita que se lle remita o borrador da acta para formular por escrito a xustificación, que será incorporada como anexo á presente acta.

#### **5. Determinación da data da próxima reunión da Comisión**

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 29 de Abril de 2025, ás 11.00 horas.

## 6. - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo máis cuestións que tratar, sendo as 12.20 horas, levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

Maria Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta de la Comisión da Transparencia**

Santiago González Serrano  
**Secretario da Comisión da Transparencia**

## ANEXO

Con data do 1 de abril de 2025, a representante do Consello Consultivo de Galicia remitiu a xustificación do seu voto que se transcribe a continuación:

Co máximo respecto ao sentido do voto do resto dos membros da Comisión da Transparencia de Galicia, o meu voto en contra da desestimación da revisión de oficio formulada polo interesado contra a RSCTG 102/2024 radica na apreciación de que a dita resolución, que inadmitiu a trámite a reclamación presentada ante esta Comisión o 5.6.2024, lle ocasionou ao señor Martínez Navarro unha indefensión real e efectiva.

En orde á apreciación da dita circunstancia é relevante considerar que o interesado formulou o 21.4.2024 ante o Servizo Galego de Saúde unha solicitude de acceso á información pública, relativa á identificación dos distintos facultativos que o atenderon o 11.10.2023 no Hospital Montecelo, con indicación dos seus respectivos cargos. Fronte a esta solicitude de acceso, non se ditou por parte da Administración autonómica unha resolución expresa, de xeito tal que o interesado presentou o 5.6.2024 unha reclamación ante esta Comisión fronte á desestimación presunta da solicitude de acceso por el presentada o 21.4.2024.

Na tramitación do procedemento administrativo por esta Comisión, se solicitou da Consellería de Sanidade a remisión do expediente así como a emisión dun informe. No informe emitido o 18.4.2024 a Consellería de Sanidade considera que existe un réxime xurídico específico de acceso, que viría establecido na Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e na Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes; e que, consonte ao disposto na disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ao existir unha normativa específica de acceso á información solicitada, é esta a vía que debía seguir o interesado para o acceso, e non a prevista na Lei 19/2013, do 9 de decembro. O 24.9.2024 esta Comisión acordou inadmitir a reclamación presentada polo interesado fronte á desestimación presunta da súa solicitude de acceso, asumindo o referido no informe da Consellería de Sanidade do 18.4.2024.

Neste punto á importante salientar que a consideración da existencia dun réxime xurídico específico de acceso foi introducida *ex novo* durante a tramitación da reclamación por esta Comisión, con ocasión da remisión do informe da Consellería de Sanidade do 18.4.2024, sen que

tal informe e, en particular, a cuestión da existencia, ou non, dun réxime xurídico específico de acceso, fose posto de manifesto ao reclamante nin previamente á dita reclamación (a súa solicitude foi desestimada por silencio administrativo), nin posteriormente xa que por parte desta Comisión non se lle deu traslado do informe da Consellería ao señor Martínez Navarro co fin de que puidese formular alegacións.

Este traslado era preciso e necesario por canto a causa que serviu de base á inadmisión non é unha causa de inadmisión de aplicación automática e incontrovertida, senón unha causa susceptible de interpretación xurídica (neste sentido, poden citarse as distintas Sentenzas do Tribunal Supremo, relativas á eventual existencia de rexímenes especiais de acceso á información pública). Deste xeito, o interesado se viu privado da posibilidade de alegar e contradicir a concorrencia dun réxime xurídico específico de acceso, o que supón unha contravención tanto do principio de contradición que debe rexer calquera procedemento administrativo, coma do disposto no artigo 118.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por maior abastanza, esta contravención non pode entenderse coma unha mera irregularidade procedementa, xa que provocou unha indefensión real e efectiva ao interesado, nos termos que esixe a xurisprudencia do Tribunal Supremo para apreciar un vicio de nulidade de pleno dereito en relación á ausencia do trámite de audiencia (neste sentido, a STS do 9.6.2021, rec. 7469/2919). En efecto, fronte a unha desestimación presunta da súa solicitude de información, o señor Martínez Navarro viu inadmitida a súa reclamación ante esta Comisión cunha motivación incorporada *ex novo* en vía de recurso e, ademais, susceptible de rebater. Non entanto, o informe da Consellería de Sanidade, que introduciu a cuestión da existencia dun réxime específico de acceso, como xa se sinalou, non lle foi trasladado ao interesado, coa conseguinte indefensión para o mesmo, que se atopa xa ante un acto firme en vía administrativa.

Polo tanto, ao meu xuízo, procedería a estimación da revisión de oficio instada polo interesado con base na causa de nulidade de pleno dereito prevista no artigo 47.1.a da Lei 39/2015, do 1 de outubro, en relación co dereito de defensa do artigo 24 CE, e tamén con base na causa establecida no artigo 47.1.e da mesma lei.

Tal indefensión non pode resultar enervada polo feito de que, mesmo con anterioridade á súa solicitude do 21.4.2024, o 30.10.2023 o Servizo Galego de Saúde lle indicase ao interesado, en contestación a unha queixa, que para identificar aos facultativos, acudise a Atención ao Paciente. Tal indicación en ningún caso comporta a información ao Martínez Navarro da

existencia dun réxime xurídico específico de acceso á información que, como xa sinalamos, está no seu dereito de rebater.

Tampouco pode compartirse, como circunstancia que enerve a nulidade do acto, o feito de que aquela información xa lle fora subministrada ao interesado antes da súa solicitude do 21.4.2024. A identificación de dous dos facultativos consta no informe remitido pola Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés á Valedora do Pobo o 10.6.2024 no seno dunha queixa formulada ante esta institución, mais no expediente non hai constancia de que esta información se lle remitise ao interesado.